



ANEXO C  
INFORME DOS RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS  
ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2018

Nº DE PROTOCOLO: **CIAM 018/161**

1.- **TÍTULO DA ACCIÓN:** Control malas herbas con mulch de *Robinia pseudoacacia* e *Ailanthus altissima* .

2.- **UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:**

Centro de Investigacións Agrarias de Manbegondo.

3.- **LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Enderezo: Entenza s/n

Concello: Salceda de Caselas

Provincia: Pontevedra

4.- **RESPONSABLE:** Manuel López Luaces

Tfno.: 881 881 801

5.- **INTRODUCCIÓN:**

O sector da flor e planta ornamental en Galicia ten un significativo alcance económico ao representar o 8,41% da produción final agraria, ademais de supoñer o 7% da superficie do Estado.

A planta ornamental no período 2002-2012 pasou de 194 ha a 644 ha, situándose Galicia como unha das maiores produtoras de camelia a nivel mundial. Outras producións relevantes son rododendros, azaleas, bambú, hortensias e coníferas ornamentais. Os produtores galegos teñen que competir a nivel mundial con países nos que os custes laborais son moi baixos. Para poder competir a tendencia xeral neste sector é ir cara unha maior dimensión e automatización dos procesos.

O desherbado manual ven sendo a práctica habitual cara o control de malas herbas, supoñendo un importante capítulo dos custes laborais, entre 1.085 a 8.667 €/ha e ano. Ademais de supoñer un importante obstáculo cara a unha maior tecnificación nas explotacións.

O mulch úsase como alternativa aos herbicidas de pre-emerxencia. Para a súa utilización en macetas, debe proporcionar pouca dispoñibilidade de nutrientes, debe ter un secado rápido despois da rega e ser resistente a descomposición. Estas propiedades son fundamentais para que unha vez xerminadas as sementes das malas herbas non se poidan establecer.

Algúns materiais orgánicos vexetais teñen propiedades alelopáticas ou herbicidas debidos a determinados metabolitos secundarios que posúen ou son producidos na súa descomposición (Kruidhof, 2008). Neste proxecto estudaranse unha serie de especies invasoras herbáceas co fin de determinar si teñen estas propiedades alelopáticas suficientes para seren utilizadas como coadxuvante na fabricación dun mulch utilizable no sector da planta ornamental galego.

Así no proxecto preténdese estudar as propiedades alelopáticas de especies moi estendidas nos bosques de Galicia como son *Acacia dealbata*, *Acacia melanoxylon* que invaden zonas de alto valor ecolóxico como son as marxes fluviais.



## 6.- MATERIAL E MÉTODOS:

Utilizouse 30 plantas en maceta . Realizaronse dous tratamentos: unha capa de 1,5 cm de mulch e 2,5 cm. de mulch. Os 3 lotes de control son de 30 macetas con desherbado manual. Para valorar de forma aproximada o produción de biomasa pesárase a maceta enteira en capacidade de campo, e o mesmo proceso realizarase ao final do ensaio. Cando remate o estudo farase unha valoración da conformación da planta dende o punto de vista comercial, nunha escala de 1 a 10, valorando: condición sanitaria, uniformidade, coloración das follas, etc.

O modelo estatístico será de 3 bloques ao azar con dous tratamentos..

## 7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Pola duración do ensaio ata a primavera que ven non se dispondrán dos datos definitivos.

## 8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

Pola duración do ensaio ata a primavera que ven non se dispondrá de conclusións.

## 9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Mabegondo, 16 de novembro de 2018

O director do CIAM



Asdo.: Manuel López Luaces